

A RULETA DA SORTE



A ruleta é un xogo no que combinando o azar e habilidade podemos desfrutar aprendendo e conseguir moitas sorpresas. Así que animádevos a xogar!

ELABORACIÓN

Para elaborar a ruleta podemos facela de diferentes xeitos, e senón dispoñedes de recursos tamén podedes empregar outros métodos para realizar o xogo (por exemplo meter papeliños con números nunha bolsa ou caixa e imos sacándoas ó azar). Como son 6 probas, a ruleta sería así, e vos podedes decorala como máis vos guste.



A ruleta podemos elaborala cunha cartulina e para facer que xire propoñémosvos algún modelo, se se vos ocorren outras non dubidedes en facela, deixade voar a vosa imaxinación.

Cunha base para que xire



Cunha frecha que xire



Cun "fidgetspinner"



PREMIOS

Propoñémosvos 6 actividades e por cada proba que superedes conseguiredes un vale que lle dea emoción o xogo! Os vales consisten:



VALE 1: película favorita.

VALE 2: Un ratiño de cóxegas.

VALE 3: comida favorita.

VALE 4: un ratiño máis xogando.

VALE 5: conto favorito

VALE 6: un desexo caseiro (ten que


ser na casa e aprobado polos vosos pais e nais).

ACTIVIDADES


Propoñémosvos 6 actividades, unha para cada número do que saia na ruleta, diferenciando 3, 4 e 5 anos.

3 ANOS

1. Poñeremos no froiteiro tantas froitas como no modelo.



2. Limpar tantos cubertos como temos no modelo.




3. Encestar tantos xoguetes como temos na imaxe.



4. Poñeremos nun bote os mesmos elementos que no modelo.







5. Faremos un colar como o do modelo




6. Tiramos un dado e poñeremos nun prato tantos elementos como puntos saen no dado por exemplo 3 puntos poñeríamos tres ovos.

4 ANOS

- 1.** Poñeremos seis pratos de froita e teñen que emparellalos. (por ex: 3 mazás . 3 laranxas, 4 plátanos, 4 peras, 2 uvas, 2 mandarinas) os platos estarán colocados pola mesa e terán que poñer os da mesma cantidade xuntos. Tamén o podedes facer coas tarxetas que hai a continuación.




2. Limpar tantos cubertos como temos no modelo.



3. Encestar tantos xoguetes como temos na imaxe.



4. Faremos un colar como o do modelo



5. Tiramos un dado e poñeremos nun prato tantos elementos como puntos saen no dado por exemplo 3 puntos poñeríamos tres ovos.


6. Colle ó azar uns cantos xoguetes e ponos nunha bandexa. Seguidamente, pon a mesma cantidade de xoguetes noutra bandexa.

5 ANOS

1. Colloremos uns cantos calcetíns e poñerémolos nunha bandexa. Seguidamente colocaremos a mesma cantidade noutra bandexa.

2. Collemos da cociña unha cantidade de macarróns. Noutro prato poñeremos a mesma cantidade.

3. Limpar un cuberto máis do que se indica no modelo.



4. Encestarnunha bandexa un xoguite menos co que temos na imaxe.



5. Miramos no reloxo que número nos indica a agulla pequena e buscaremos a mesma cantidade de elementos (por exemplo, se son as 10 buscaremos 10 obxectos).
6. Contaremos as portas e ventas da casa, e comprobaremos se son a mesma ou diferente cantidade.

